



PREGUNTA ORAL SOBRE A RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PALACETE DO ESPIÑO E AS PREVISIÓNS AO RESPECTO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Na Xunta de Goberno do pasado 23 de xuño, por proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, acordouse a resolución do contrato para a execución da rehabilitación do Palacete do Espiño, obra que fora adxudicada definitivamente no mes de agosto de 2015 para permitir a súa recuperación como equipamento municipal. Esta decisión implica un desembolso municipal do 3% do importe de adxudicación, que ascende a 1.052.591 euros (IVE incluído)

O inicio do procedemento de contratación desta obra foi acordado pola Xunta de Goberno no anterior mandato, concretamente no mes de setembro de 2014, cun importe de licitación de 1.262.100 euros (IVE incluído).

Sorprende que a rescisión do contrato desta obra se teña producido oito meses despois dunha adxudicación que, segundo manifestou daquela o alcalde, foi "posible grazas ao desbloqueo do procedemento tras meses de paralización".

E causa sorpresa, tamén, que a explicación ofrecida para a rescisión deste contrato sexa "a imposibilidade de executalo nos termos inicialmente pactados", dando a entender -co acordo do inicio dun "procedemento contradictorio orientado a depurar as responsabilidades polos erros ou omisións atopados no proxecto, e que segundo o informe do arquitecto supervisor municipal acadan a porcentaxe do 8,45% do importe das obras"- que a rescisión garda relación directa cunha ausencia de seguimento, control ou comprobación por parte dos técnicos municipais competentes.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é o motivo que xustifica o transcurso de 8 meses para verificar o suposto desaxuste orzamentario deste proxecto, sen que nese tempo non fora posible atopar unha solución que evitara a rescisión da obra e que previsións ten agora o Goberno para executar e rematar a rehabilitación do Palacete do Espiño?.

Santiago de Compostela, a 13 de xullo de 2016

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.